

CARBALLO

ESCRITOR «O libro de López Abente é un acontecemento moi importante para a literatura galega»

O vindeiro sábado presentarase no Salón do Voluntariado de Muxía «Bretemada», un inédito de cen poemas

S. G. RIAL CARBALLO / LA VOZ 19/10/2011

O Salón do Voluntariado de Muxía acollerá o vindeiro sábado (20.00 horas, aberto ao público) o poemario inédito Bretemada 1917-1922, coeditado por Alvarellos Editora e a Fundación López Abente. O poeta ceense Miro Villar, excelente coñecedor da obra do poeta muxián (1878-1963), é o introdutor da obra, que estaba agochada - máis ben, perdida e esquencida- entre os fondos da Academia Galega.



-¿É importante este achádego?

-Si o é, coincide co que dixo o presidente da Academia, no senso de que este libro de Abente é un acontecemento moi importante para a literatura galega. Aparece un inédito que, ademais, non é algo pequeno ou espallado, trátase dun libro enteiro.

-¿Sabíase del?

-É un libro do que Abente fala en ocasións, cando por exemplo publica textos en revistas da Arxentina nos que se indica que existía Bretemada. Pero ninguén sabía da súa existencia. O escritor Otero Pedrayo chega a pensar que se trataba do primeiro título da obra Centileos nas ondas, publicada a principios dos anos sesenta, pero non é así, ningún deses textos está presente neste libro. É por tanto unha obra inédita.

-¿E por que é así?

-Non sabemos as razóns polas que quedou así, non se explica. O que sabemos agora é que un escritor da Universidade da Coruña atopou o manuscrito, chegou a min e agora publícase. Pasou como cos Eoas de Pondal, que tamén se atopaba nos fondos da Academia e ninguén sabía nada. E iso que se trata dun libro dunha longa produción, entre o ano 1917 e 1922.

-¿Que pensa vostede?

-Só podemos facer conxeturas. Eu penso, sospeito, de que como no momento no que o ía publicar comezou a ditadura de Primo de Rivera, se cadra decidiu non facelo, polo contido. Pero é unha posibilidade.

-¿Haberá máis inéditos de Abente?

-Pode ser, pero tamén é difícil de saber. Debería aparecer aínda máis, si, pero pode que cando en Muxía se adquiriu a casa que foi del, cos cambio se perdesen bastantes cousas. Hai quen o pensa así.